Acta da sesión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, do día 26 de xuño de 2025

[PLG/IPL]

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego,** o día **26 de xuño de 2025, ás 10:30 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Noelia Pérez López
(Presidenta)
Ethel María Vázquez Mourelle
(Vicepresidenta)
Iria Carreira Pazos
(Secretaria)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
María Encarnación Amigo Díaz
Raquel Arias Rodríguez
Victor Manuel Baladrón Lamas
María Dolores Hermelo Piñeiro
Argimiro Marnotes Fernández
María Magdalena Pérez Millares
Miguel Ángel Viso Diéguez
(en substitución de Nicole Grueira Fernández)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Secundino Fernández Fernández
(en substitución de Iago Suárez Fernández)
Ariadna Fernández González
Mercedes Queixas Zas
(en substitución de María Montserrat Prado Cores)
Olalla Rodil Fernández
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
María Elena Espinosa Mangana
María del Carmen Rodríguez Dacosta
(en substitución de Silvia Longueira Castro)
Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo

Propoñentes:
Patricia Iglesias Rey (S)
Paloma Castro Rey (S)
Rosana Pérez Fernández (BNG)

Letrada:
Purificación López Gómez

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta abre a sesión e rógalle á secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución e as substitucións pertinentes.

Logo da súa constatación, a presidenta comunica –de conformidade co establecido no artigo 73.2 do Regulamento da Cámara– unha alteración na orde de tramitación das proposicións non de lei que conforman o punto segundo da orde do día, da que informou previamente aos membros da comisión, consistente en substanciar en primeiro lugar a PNC doc. núm. 26361 (2.4) e en segundo lugar a PNC doc. núm. 26048 (2.3).

Non se manifestan obxeccións ao respecto, polo que se considera aprobada por asentimento a precitada alteración (artigo 88 do Regulamento da Cámara), polo que comeza o debate polo punto 1 da orde do día.

Punto 1. Pregunta

1.1 24512 (12/POC-004445)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e Prado Cores, María Montserrat
Sobre as accións e os prazos previstos pola Xunta de Galicia para recuperar a oferta e a calidade da asistencia sanitaria do Centro de Orientación Familiar de Orillamar, no concello da Coruña

A Presidencia concédelle a palabra a Mercedes Queixas Zas (BNG), que expón a cuestión na que sea basea a súa iniciativa sobre a calidade do Centro de Orientación Familiar de Orillamar.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o xerente do Servizo Galego de Saúde (SERGAS), José Ramón Parada Jorgal.

En rolda de réplica a señora Queixas toma en consideración a resposta aportada e expón novas consideracións ao respecto, ás que lle contesta nunha nova intervención o señor Parada Jorgal.

A presidenta agradécelle ao xerente do SERGAS a súa presenza e colaboración cos traballos da comisión e descúlpao de seguir na sesión, da que se ausenta.

A seguir, pásase ao debate do punto segundo da orde do día.

Punto 2. Proposicións non de lei

2.4 26361 (12/PNC-002460)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e 2 máis
Sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego respecto da rehabilitación e mellora das infraestruturas do Centro de Saúde de

PARLAMENTO DE GALICIA

Padrón
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 206f1, do 04.06.2025

A Presidencia informa que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de substitución por parte do G.P. Popular de Galicia (P) (doc. núm. 27938), da que obvia a súa lectura dado que se remitiu aos membros da comisión.

A continuación a señora Iglesias Rey, Patricia (S) explica os motivos que xustifican a presentación desta proposta, ampliando os contidos da súa formulación escrita e publicada no BOPG.

Na rolda do grupo parlamentario emendante a señora Amigo Díaz, María Encarnación (P), logo de comentar varias consideracións sobre a problemática da iniciativa, matiza algunha das argumentacións expostas pola señora propoñente e refire as razóns polas que o seu grupo presentou a emenda de substitución.

Polo grupo parlamentario non emendante, a señora Carreira Pazos, Iria (BNG), expresa o seu voto favorable a proposta manifestando o seu desacordo coas actuacións realizadas polo Goberno Galego no referido á problemática da iniciativa proposta.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda presentada, a señora Iglesias Rey manifesta a súa desconformidade coas afirmacións expresadas pola voceira do Partido Popular argumentando a importancia da iniciativa presentada.

Deseguido, pásase ao debate da seguinte iniciativa:

2.3 **26048 (12/PNC-002413)**
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 2 máis
Sobre a demanda ao Goberno galego da construción no Porriño ou noutro concello de Pontevedra dunha vivenda para mulleres vítimas de violencia machista con trastornos psiquiátricos ou adictivos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 203f1, do 28.05.2025

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de substitución por parte do G.P. Popular de Galicia (P) (doc. núm. 27936), da que obvia a súa lectura dado que se remitiu copia aos membros da comisión.

A continuación concédelle a palabra á señora Castro Rey, Paloma (S), quen pasa a expoñer os motivos polos que o seu grupo parlamentario presentou esta proposición non de lei, expresándose en termos semellantes aos que conteñen na súa formulación escrita e publicada no Boletín Oficial do Parlamento.

Na rolda do grupo parlamentario emendante intervén a señora Arias Rodríguez, Raquel (P), para expoñer diversas consideracións sobre a problemática exposta na iniciativa, rematando coa solicitude de aceptación da emenda presentada polo seu grupo

parlamentario.

Na rolda de grupos parlamentarios non emendantes intervén a señora Rodil Fernández, Olalla (BNG), que comenta en primeiro lugar desacordos coa intervención da señora Arias Rodríguez para a continuación expresar o seu voto a favor da proposición non de lei, argumentando os motivos que levan ao sentido do seu voto.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda presentada a señora Castro Rey fai fincapé no seu desacordo coas actuacións realizadas polo Goberno Galego e posibilita unha transacción co grupo emendante.

A continuación, retómase a orde do día e pásase ao debate da seguinte iniciativa:

2.1 **15572 (12/PNC-001513)**
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Fernández, Secundino e 2 máis
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que cubra de forma urxente as prazas de facultativos especialistas que quedaron vacantes no Hospital Comarcal de Valdeorras
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 135, do 02.01.2025

A Presidencia informa que a esta proposición non de lei non se presentaron emendas, polo que lle concede a palabra a Secundino Fernández Fernández (BNG), que expón as razóns que levaron ao seu grupo á presentación desta iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen por escrito publicados no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

Ao remate da intervención ábrese a rolda de grupos parlamentarios, tomando a palabra en primeiro lugar Armando Ojea Bouzo (M), que amosa o seu acordo con moitas das argumentacións expostas polo propoñente, polo que anuncia unha posición favorable do grupo parlamentario que representa.

Deseguido intervén María del Carmen Rodríguez Dacosta (S), que tamén concorda co exposto nesta iniciativa e manifesta o voto a favor do seu grupo parlamentario.

Nesta mesma rolda María Dolores Hermelo Piñeiro (P) expón as súas argumentacións sobre a proposta formulada tras amosar o seu desacordo coa mesma.

Na rolda de puntualizacións, o señor Fernández Fernández incide na importancia da súa iniciativa, criticando a actuación da Xunta de Galicia respecto da problemática exposta.

Finalmente, pásase ao debate da derradeira iniciativa:

2.2 **17783 (12/PNC-001655)**
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e Prado Cores, María Montserrat

PARLAMENTO DE GALICIA

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dun reforzo no cadro de persoal facultativo do PAC do Centro de Saúde de Noia e da mellor dotación de ambulancias para esa zona
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 147f2, do 29.01.2025

A Presidencia concédelle a palabra á señora Pérez Fernández, Rosana (BNG), que en primeiro lugar manifesta o rexeitamento do seu grupo parlamentario a actitude da Consellería de Sanidade, en particular, e do Goberno Galego, no seu conxunto, polo traballo das parlamentarias e parlamentarios pola falla de resposta ás preguntas escritas ou inadecuación das respostas noutros casos, en concreto refírese a unha resposta que remitía a un vídeo da resposta en Comisión do Goberno Galego seis meses antes e que non respondía ao problema reflectido na iniciativa. A continuación expón os motivos que levaron ao seu grupo parlamentario á presentación da devandita proposición non de lei

A esta iniciativa non se presentaron emendas polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar a señora Espinosa Mangana, María Elena (S), que anuncia o voto favorable á proposta formulada logo de expoñer diversas consideración sobre aquela.

Nesta mesma rolda, a señora Amigo Díaz, María Encarnación (P), expón as súas argumentacións sobre a proposta formulada tras amosar o seu desacordo coa mesma.

Na rolda de puntualizacións, a señora Pérez Fernández critica a actuación do Goberno Galego e mostra a súa desconformidade coa argumentación da voceira do G.P. Popular de Galicia, resaltando finalmente a importancia da súa iniciativa.

Ao esgotarse o debate das iniciativas, a presidenta da paso ao trámite das votacións pola orde na que figuran na convocatoria e cos resultados que se reflicten a seguir:

1) Iniciativa **15572 (12/PNC-001513), do G.P do Bloque Nacionalista Galego;** sométese a votación e resulta rexeitada por :

- Votos a favor..... 7 (GG.PP. BNG+S)
- Votos en contra..... 9 (G.P. P)
- Abstencións..... 0

2) Iniciativa **17783 (12/PNC-001655), do G.P do Bloque Nacionalista Galego;** sométese a votación e resulta rexeitada por:

- Votos a favor..... 7 (GG.PP. BNG+S)
- Votos en contra..... 9 (G.P. P)
- Abstencións..... 0

3) Iniciativa **26048 (12/PNC-002413), do G. P dos Socialistas de Galicia;** sométese a votación o texto transaccionado coa emenda presentada, ao que dá lectura Paloma Castro

PARLAMENTO DE GALICIA

Rey, que resulta aprobado pola unanimidade dos 16 deputadas e deputados presentes con dereito a voto.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a axilizar o procedemento para a construción dunha vivenda para mulleres vítimas de violencia machista con problemas de adiccións.»

4) Iniciativa **26361 (12/PNC-002460) do G. P dos Socialistas de Galicia;** sométese a votación e resulta rexeitada por:

- Votos a favor..... 7 (GG.PP. BNG+S)
- Votos en contra..... 9 (G.P. P)
- Abstencións..... 0

Sen máis asuntos que tratar, a presidenta agradécelles a todos os presentes o traballo realizado e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 13:05 horas.

Iria Carreira Pazos
Secretaria da Comisión

V. e pr.

Noelia Pérez López
Presidenta da Comisión